

# RESUMO DE CONTIDOS

## Ruído en acción

Música | 2º ESO



## ÍNDICE

Ruído en acción.....	2
3. Mans ao son.....	2
3.1. A que soa o teu centro.....	2
3.2. O ritmo no centro.....	2
3.3. Tic-Tac.....	4
3.4. Nesta clase non se escribe.....	5
3.5. O ascensor musical.....	8
3.6. E ti sen paraugas.....	8
3.7. Quen fala?.....	9
3.8. Hora de crear.....	9
3.9. Un centro con swing.....	10
Atribución dos recursos incorporados ao documento.....	12

# Ruído en acción

## 3. Mans ao son

### 3.1. A que soa o teu centro

#### Os parámetros do son

##### Altura



A altura é a calidade do son que nos permite determinar se é agudo ou grave.

Representarase na partitura empregando as notas musicais, as claves e o pentagrama.

##### Duración



A duración é o parámetro do son que nos permite identificar se é longo ou curto.

Representarase na partitura empregando as figuras musicais.

##### Intensidade



É o parámetro do son que nos permite identificar se é forte ou suave.

Representarase na partitura empregando os matices de intensidade e os reguladores.

##### Timbre



É o parámetro do son que che permite identificar que instrumento, obxecto ou persoa emite un determinado son.

### 3.2. O ritmo no centro

#### O pulso

O tic-tac dun reloxo nunha aula, os pasos dunha persoa polo corredor ou o pitido da marcha atrás do autobús. Cando escoitas unha canción e comezas a bater as mans sen pensalo, iso chámase **pulso**.

O pulso vai ser a unidade de medida para establecer a duración dos sons na linguaxe musical.

## As figuras e os silencios

Os sons poden ter distintas duracións e a música organiza estes ‘tamaños’ dos sons utilizando as figuras musicais.




Cada figura musical ten unha duración establecida e pode indicar duración dun son ou tamén dun silencio.

Para presentar as figuras e o seu valor vas tomar como referencia a figura negra e a partir dela clasificamos o resto.



## Signos de prolongación

Son signos que aumentan a duración das figuras e dos silencios.


Punto de prolongación	Ligadura de unión	Caldeirón
 <p>Engade a metade do valor da nota á que acompaña</p>	 <p>Suma o valor das dúas figuras que une.</p>	 <p>Engade a duración que decida o intérprete ou a persoa que dirixe a obra. Adoita colocarse en partes finais.</p>

### 3.3. Tic-Tac


#### Compases

Nunha peza musical tamén necesitas organizar os sons e para iso utilízanse os compases. O compás é a maneira en que a música organiza o tempo en grupos regulares. Cada compás está formado por un número fixo de pulsos, 2, 3, 4..., e estes pulsos poden completarse con diferentes figuras ou silencios musicais. É como meter os pulsos en “caixas” iguais para que a música teña orde e ritmo.


Para identificar os compases utilizamos dous números, como se fose unha fracción na que o número de arriba indica cantas figuras entran en cada compás. O denominador indica a figura que se ten en conta sendo o 2 para a branca, o 4 para a negra e o 8 para a corchea.




**COMPÁS BINARIO**  
Cada compás ten  
2 pulsos



**COMPÁS TERNARIO**  
Cada compás ten  
3 pulsos




**COMPÁS CUATERNARIO**  
Cada compás ten  
4 pulsos



#### Liñas divisorias

Para dividir cada caixa de compás utilízanse as liñas divisorias que son unhas barras verticais que se colocan nos pentagramas.



## Indicacións de tempo

Unha música pode expresar moitas cousas, sentimentos, sensacións... e para facelo pode ser interesante indicar un cambio de velocidade. Isto faise cunhas palabras italianas que che dirán se debes tocar moi lento, lento, tranquilo ou moi rápido.

Termo en italiano	Significado
<i>Largo</i>	Moi lento
<i>Larghetto</i>	Lento
<i>Adagio</i>	Bastante lento
<i>Andante</i>	Tranquilo
<i>Moderato</i>	Moderado
<i>Allegro</i>	Rápido
<i>Presto</i>	Moi rápido
<i>Prestissimo</i>	Rapidísimo

## Metrónomo

O **metrónomo** é un dispositivo que nos axuda a **marcar e manter** o tempo cando estamos ensaiando unha música. Antigamente funcionaban dándolle corda pero hoxe en día hainos virtuais e con aplicacións móbiles.

## Outros termos

Para acelerar ou retardar unha melodía aparecen as palabras:

Accel.	Allarg.	Rall.	Rit.
Cada vez máis rápido	Cada vez máis lento	Cada vez máis lento	Cada vez máis lento

E cando queres volver á velocidade inicial aparece **a tempo**.

## 3.4. Nesta clase non se escribe


A notación musical tamén xurdiu da necesidade de conservar unhas melodías cada vez máis numerosas.

Dende os primeiros intentos, arredor do 1400 a.C., ata a notación actual fixada durante o S.XV houbo moitos cambios.

## Os códigos da notación musical


### Pentagrama

O pentagrama é o conxunto de 5 liñas horizontais paralelas e os seus 4 espazos sobre o que se escribe a notación musical.



### Liñas adicionais

Son unhas pequenas liñas horizontais que se engaden ás notas que sobresaen do pentagrama por ser demasiado agudas ou demasiado graves.



### A escala

É unha sucesión de notas consecutivas ordenadas.

### Claves

A Clave de Sol indica que a nota que está na 2.<sup>a</sup> liña corresponde ao Sol. O resto das notas colócanse sucesivamente nas liñas e espazos do pentagrama. Esta clave úsase para escribir as notas de rexistro agudo como as da frauta, trompeta ou violín.



A Clave de Fa en 4.<sup>a</sup> indica que a nota que se coloca na 4.<sup>a</sup> liña corresponde ao Fa. Do mesmo xeito que na de Sol, o resto das notas colócanse nas liñas e espazos do pentagrama. Esta clave úsase para escribir as notas de rexistro grave como as da tuba, o violonchelo ou as que corresponden á man esquerda do piano.




A Clave de Do en 3.<sup>a</sup> indica que a nota que se coloca na 4.<sup>o</sup> liña corresponde ao Do. Do mesmo xeito que na Clave de Fa e Sol, o resto das notas colócanse nas liñas e espazos do pentagrama. Esta clave úsase para escribir as notas de rexistro medio como a viola.



## Relación entre as Claves

O cambio de Clave non é un simple cambio de código. É o sistema que se creou para escribir as notas de rexistros graves, medios e agudos sen encher a partitura de liñas adicionais.



## Evolución da notación musical

- **1400 a.C.:** os exemplos de notación musical máis antigos que se atoparon son o Himnos Hurritas, unhas táboas de arxila atopadas en Ugarit, unha cidade hoxe abandonada, situada no norte de Siria.
- **S. IX:** xorde a notación musical en Occidente cos primeiros Neumas. Trátase dunhas pequenas liñas curvas que servían para indicar de maneira visual os movementos ascendentes e descendentes da melodía.
- **S. XI:** Guido de Arezzo inventa o tetragrama, sentando as bases da notación musical occidental moderna, xa que tamén deu o nome ás notas musicais a partir dun Himno a San Xoan Bautista.
- **S. XIV:** a partir do século XIV consolídase o uso do actual pentagrama, aínda que como podes observar na imaxe, as figuras teñen forma romboide. Non será ata o século seguinte que se comece a usar as figuras de forma máis redondeada.

### 3.5. O ascensor musical

#### As alteracións

##### Díese

O **#** ou díese indica que a nota á que afecta debe soar un semitón máis agudo ca o seu son natural.

##### Bemol

O **b** ou bemol serve indica que a nota á que afecta debe soar un semitón máis grave ca o seu son natural.

##### Becuardo


O **♮** ou becuadro indica que unha nota, antes afectada por unha díese ou por un bemol, recobra o seu son natural.

### 3.6. E ti sen paraugas

#### Matices

A música pode modificarse en intensidade e para iso utilizamos os matices nas partituras.


Se compós unha peza e queres indicar que un son vai ser moi forte ou moi suave podes utilizar as seguintes indicacións:



Dynamic Marking	Intensity Level	Sound Example
<i>ppp</i>	Pianissimo	Moi, moi suave Susurro
<i>pp</i>	Piano	Moi suave
<i>p</i>	Mezzopiano	Suave
<i>mp</i>	Mezzoforte	Medio suave
<i>mf</i>	Forte	Medio alto Voz falada
<i>f</i>	Fortissimo	Alto
<i>ff</i>		Moi alto
<i>fff</i>		Moi, moi alto Gritar

#### Reguladores

Tamén se utilizan os reguladores que indican o cambio progresivo de suave a forte ou ao revés:





### 3.7. Quen fala?

O **timbre** é o parámetro que che permite identificar que persoa ou obxecto emite un son determinado.

Unha mesma melodía pode ser interpretada coa mesma duración, altura e intensidade por un violín e unha trompeta, pero nunca vai soar igual.

O mesmo acontece coa voz das persoas. Cada unha ten un timbre diferente que che permite identificar quen fala.

### 3.8. Hora de crear

#### Composición

Compoñer consiste en **crear** unha peza musical. Para iso pode servirse de elementos como a melodía, harmonía, ritmo e estrutura.

A persoa que elabora unha composición chámase **compositor/a**.

Nun principio as composicións transmitíanse de **forma oral**, de xeito que non se coñecía a autoría das obras.

Co nacemento da **escritura musical** e das primeiras editoriais, compositores e compositoras comezaron a **asinar** as súas publicacións.

Existen obras musicais de diversa extensión, dende poucos minutos a varias horas, como pode ser o caso dunha ópera. De forma que a composición dunha obra é un proceso que pode durar meses ou anos.

#### A improvisación

Improvisar consiste en **crear** música en tempo real.

Esta práctica estivo moi presente ao longo da historia, e de feito, os grandes compositores e compositoras tamén improvisaban moi ben.

En períodos como o Renacemento e o Barroco (S XVI e XVII respectivamente) a improvisación era algo indispensable.

Aínda que co paso do tempo esta práctica se abandonou, en estilos posteriores como o jazz a improvisación é esencial.

## Improvisar con palabras

Podes improvisar con melodías, harmonías, ritmos, texturas.... pero tamén con palabras.

Co nacemento do hip-hop apareceu a figura do/a MC que improvisaba versos mentres o DJ creaba as bases musicais.

Coa evolución deste xéneros os textos volvéronse cada vez máis complexos e comezaron a escribirse, pero a improvisación segue cultivándose nas denominadas "Batallas de Galos".

En Galicia tamén temos a tradición de improvisar con palabras: as regueifas.

Esta práctica consiste en improvisacións en verso entre dúas ou máis persoas con temáticas satíricas e humorísticas.

Reciben este nome dun pan típico das vodas galegas.

## 3.9. Un centro con swing

### O jazz

O **jazz** é un dos xéneros musicais máis importantes do século XX.

Xurdiu en Estados Unidos a partir da mestura de culturas afroamericanas e europeas.

Caracterízase pola improvisación, o ritmo sincopado (*swing*) e a liberdade creativa dos intérpretes.

### Orixes e Nova Orleans

O jazz nace entre 1890 e 1910 en Nova Orleans. O barrio de *Storyville* foi un dos puntos claves neste proceso.

Alí mesturáronse o *ragtime*, os espirituais, o *blues* e as marchas militares, interpretados por músicos afroamericanos, crioulos e europeos.

Referente: Buddy Bolden (considerado o primeiro gran solista do jazz).

### O *swing*

O *swing* é un estilo de jazz que se fixo moi popular na década dos 30. Caracterízase por un ritmo marcado e constante que permitía o baile.

Nesta época xorden as *Big Bands* con referentes como Duke Ellington, Count Basie e Benny Goodman.

Tamén destacamos a Louis Armstrong destacou grazas aos seus sós e a súa maneira de tocar que influíron a todos os músicos.

### **Bebop**

O *bebop* aparece nos anos 40 como un jazz máis rápido, libre e difícil de tocar.

Os grupos eran pequenos, con máis improvisación e melodías cheas de cambios rápidos.

Referentes: Charlie Parker (saxofón) e Dizzy Gillespie (trompeta).

O *bebop* fixo que o jazz se convertese nunha música máis creativa e de concerto.

### **Cool jazz e Hard Bop**

*Cool jazz*: xorde nos anos 50 aparece o *cool jazz*, máis tranquilo, con melodías suaves. Referentes: Miles Davis, Chet Baker ou Dave Brubeck.

*Hard bop*: xorde de xeito paralelo, mantivo a enerxía do *bebop* engadíndolle ideas do *blues* e do *gospel*, facendo a música máis forte e marcada.

Referentes: Art Blakey e Clifford Brown.

### **Jazz modal**

Caracterízase polo uso de poucos acordes que se manteñan, permitindo improvisar dun xeito máis libre e desenvolver melodías longas e expresivas.

Referentes: trompetista Miles Davis, autor do disco “Kind of Blue”.

### **Free jazz e jazz fusión**

A partir dos anos 60, o *jazz* seguiu evolucionando cara a estilos máis libres e experimentais.

*Free jazz* que rompe as normas tradicionais de ritmo e harmonía, dando total liberdade á improvisación. Referente: Ornette Coleman.

O *jazz fusión* aparece nos anos 70. Mestura o jazz con rock, funk e música electrónica.

### **O jazz galego**

Aínda que a orixe do jazz tivo lugar en EEUU, en Galicia temos unha grande escena con intérpretes de gran nivel.

Isto débese, entre outros moitos motivos á existencia de diversos festivais e centros públicos e privados onde estudar este estilo.

Algúns dos grupos e intérpretes máis destacados da escena galega son Xan Campos, Paco Charlín, Naíma Acuña, Abe Rábade, Iago Fernández, Virxilio da Silva, David Regueiro... ademais de grupos con máis de quince anos de actividade como Sumrrá.

## O *scat*

O *scat* é unha maneira de cantar jazz usando sílabas inventadas no lugar de palabras, como “ba-da-du”, “sho-bi-do” ou “pa-ra-pa”, imitando trompetas ou saxos.

Unha das cantantes máis famosas que utilizou o *scat* foi Ella Fitzgerald.

## A influencia de Ella

O músico e docente Joan Chamorro traballou coas multinstrumentistas Rita Payes, Magali Datzira, Eva Fernandez e Andrea Motis nun proxecto titulado “*La Magia de la Veu*” (A maxia da voz) onde renderon homenaxe a Ella Fitzgerald versionando o seu famoso só de *scat* en How High de Moon.

## O *swing*

Unha das principais características do jazz é o *swing*, unha forma de interpretar as corcheas similar a un *tresillo*, onde a primeira é máis longa que a segunda dando unha sensación de balanceo.

## Atribución dos recursos incorporados ao documento

Recursos incorporados por orde de aparición e páxina:

Páxina 3,4 e 8: Elaboración propia. Proxecto cREAgal.

Páxina 6:

- [2. Staff240 \(CC BY-SA 3.0\)](#)
- [Ummagumma](#). Liñas adicionais (Dominio público)
- [Christophe Dang Ngoc Chan](#). Clave de Sol - Nome das notas (CC BY-SA 3.0)
- [Christophe Dang Ngoc Chan](#). Clave de Fa - Nome das notas (CC BY-SA 3.0)

Páxina 7:

- [Christophe Dang Ngoc Chan](#). Clave de Do - Nome das notas (CC BY-SA 3.0)
- [Nicolas Eynaud](#). Notas musicais e Claves principais (CC BY-SA 4.0)

O resto de elementos utilizados son propiedade do Gobierno de Aragón e foron creados por Sergio Palao para [ARASAAC \(http://www.arasaac.org\)](http://www.arasaac.org), que os distribúe baixo [Licenza Creative Commons BY-NC-SA](#).



“Resumo de contidos: Ruído en acción”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](#)